



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2017 ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL, S.L., DIARIO DE AROUSA

En Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 148/2016, do 13 de novembro (Diario Oficial de Galicia número 217, do 14 de novembro) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, así como o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.(administración colaboradora).

Doutra parte, _____, con DNI n.º _____, en virtude do poder outorgado en Buenos Aires o 17 de xuño de 2015 ante o Cónsul adxunto en funcións notariais, _____, baixo o número 440 do seu protocolo, en representación da entidade Editorial La Capital, S.L., NIF B15162068 (entidade colaboradora).

As partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir, e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que segundo o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, patrimonio cultural, os aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a



coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións culturais e docentes de interese galego.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Que son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Cuarto.- Que a difusión da cultura e o fomento da lectura son dous piares fundamentais que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos de lectura e culturais, asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade. O fomento e promoción da cultura resulta un aspecto fundamental que resulta conveniente incluír entre o alumnado galego, facéndoo consciente da relevancia e da identidade dos valores culturais galegos.

Así, mesmo, resulta fundamental a promoción e o fomento do uso da lingua galega, dentro da función normalizadora da lingua galega, resultando fundamental desenvolver accións neste senso entre os nenos e nenas galegos, que adquiran así conciencia da relevancia da lingua galega.

Quinto.- Que a entidade colaboradora editora do Diario de Arousa, ten unha ampla difusión e na súa liña de información en temas de actualidade, quere participar e colaborar no desenvolvemento de programas educativos encamiñados a potenciar e promover a utilización da prensa, como instrumento de formación complementaria do alumnado galego a través de actividades extra curriculares, desde a súa edición especial para Galicia, acción que ámbalas dúas partes xulgan de relevante transcendencia e interese xeral. Esta acción formativa, polo seu carácter non formal, pode resultar o medio mais axeitado para achegar a lingua e a cultura galegas ao alumnado galego, de xeito que sexan os propios alumnos e alumnas os que descubran por si mesmos, a través da utilización da prensa, os valores culturais propios de Galicia.

Sexto.- Os centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional terán á súa disposición o xornal editado pola entidade colaboradora como material de apoio básico nas actividades extra escolares referidas á prensa nas aulas como medio que favoreza as garantías de éxito académico,



grazas á difusión, promoción e divulgación de noticias de carácter educativo e cultural que propicien unha mellor formación do alumnado nunha sociedade desenvolvida.

Polo exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Finalidade do convenio.

Este convenio ten por finalidade contribuír ao desenvolvemento dun programa educativo e cultural encamiñado a potenciar e promover a utilización da prensa escrita como un instrumento de formación complementaria do alumnado, a partir de iniciativas que posibiliten hábitos de lectura dende unha idade temperá e fomenten o desenvolvemento da súa conciencia crítica como cidadáns e o seu interese polos valores culturais do pobo galego.

A tipoloxía das actividades que se leven a cabo en base a este convenio serán de carácter extra curricular e favorecerán a aprendizaxe na selección, análise e interpretación das noticias publicadas no seu xornal en formato papel, particularmente daquelas relacionadas coa educación, a cultura galega, a igualdade de oportunidades no sistema educativo e do uso da lingua galega.

Segunda.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos mediante as actuacións que se establecen na estipulación cuarta.

Terceira.- Orzamento.

De acordo cos datos facilitados pola entidade colaboradora o orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total de 16.201,00 euros (Anexo III), que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a financiar un importe máximo de 6.000 euros á entidade colaboradora para compensar parte dos custos nos que incorra para a realización das actividades derivadas deste convenio.



A achega imputarase ás aplicacións orzamentarias 10.10.423A.640, 10.10.431A.640 e 10.30.151A.640, correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Importe
10.10.423A.640	1.667 €
10.10.431A.640	1.667 €
10.30.151A.640	2.666 €

Cuarta.- Obrigas das partes.

1. Serán obrigas da entidade colaboradora:

- a. Distribuír como mínimo un exemplar do seu xornal polo menos un día á semana nos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional.

O número total de exemplares a distribuír durante a vixencia do convenio será de 21.170 exemplares.

A previsión de distribución de exemplares por mes, cunha porcentaxe de variación do 30%, é a seguinte:

Mes	Unidades previstas
Febreiro	0
Marzo	3.528
Abril	3.528
Maio	3.528
Xuño	1.765
Xullo	0
Agosto	0
Setembro	0
Outubro	3.528
Novembro	3.528
Decembro	1.765
Total	21.170



Excepcionalmente, e por causas de forza maior debidamente xustificadas, poderá modificarse a porcentaxe de variación para meses determinados.

En todo caso un dos días de distribución do xornal corresponderase co xornal que inclúa o suplemento sobre educación e sobre cultura e lingua galegas.

- b. Elaborar a información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada.
 - c. Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, incluídos os xustificantes das entregas dos exemplares dos xornais nos centros educativos correspondentes, que estarán a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
2. Serán obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
- a. Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución total ou parcial das accións a desenvolver, e de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
 - b. Proporcionar á entidade colaboradora os datos e a documentación que se lle requiran e que garantan a obxectividade e veracidade da información.

Quinta.- Autorización.

A entidade colaboradora autorizará á administración colaboradora para que obteña directa ou telematicamente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social (Anexo II). No caso contrario aportará a documentación que xustifique o cumprimento de ditas obrigas.

Sexta.- Protección da infancia e das mulleres. Igualdade de xénero.

A entidade colaboradora, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para unha mellor protección dos rapaces e rapazas e cara á non discriminación das mulleres, buscará a progresiva redución e limitación de anuncios dos chamados “contactos” cara a súa progresiva eliminación, especialmente entre os exemplares que se distribúan nos colexios. En todo caso nestes exemplares eliminaranse as fotografías que se puideran incluír neste tipo de anuncios.

Igualmente incorporará progresivamente a perspectiva de xénero no ámbito da difusión da información.



Sétima.- Plena integración das persoas con discapacidade.

A entidade colaboradora prestará especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade, reforzando a súa imaxe e contribución á sociedade.

Oitava.- Normativa lingüística.

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio levaranse a cabo de acordo co contemplado na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

Novena.- Pagamento e xustificación.

1. **Pagamentos.** Os pagamentos se realizarán en función do grado de execución do convenio, de acordo co número de exemplares distribuídos e o custo unitario por exemplar.

Non se aboaran aqueles exemplares distribuídos que excedan do total establecido para todo o período de vixencia deste convenio.

2. **Pagamentos parciais.** A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectuará pagamentos mensuais. A entidade colaboradora achegará a seguinte documentación:

- A factura correspondente, indicando o número de exemplares distribuídos e o custo por unitario.
- Declaración responsable da realización parcial das actividades (Anexo I).

3. **Pagamento final.** Unha vez rematado o convenio presentarase:

- A documentación correspondente ao último mes de vixencia do convenio.
- Unha memoria económica do custo final soportado desagregado por conceptos.
- Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

4. **Presentación das facturas e da documentación adicional.**

- a. A Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro contable de facturas da Comunidade Autónoma de Galicia establece que todas as facturas de importe superior a 5.000 euros presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), configurado como Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.



O resto das facturas poderán presentarse a través do propio SEF ou ante un rexistro administrativo nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

O SEF esta dispoñible para todos os provedores; o seu acceso, procedemento de alta e manuais necesarios para poder operar co sistema pódense encontrar na dirección de internet:

- <https://factura.conselleriadefacenda.es>

No proceso de carga das facturas electrónicas no SEF deben cumprimentarse os seguintes datos:

- Receptor: S1511001H, Xunta de Galicia.
- Destinatario:
 - Consellería/Organismo: Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
 - Órgano de contratación: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
 - Unidade de contratación: Servizo de Coordinación Administrativa.

- b. Os anexos, as memorias e calquera outra documentación adicional deberá presentarse obrigatoriamente en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPACAP e, preferentemente, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781, Santiago de Compostela.

Décima.- Avaliación e seguimento. Comisión mixta.

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un dos cales actuará como presidente, e outros dous da entidade colaboradora. A comisión reunirase a petición de calquera das dúas partes.

Décimo primeira.- Publicación.

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos identificativos das entidades beneficiarias integraranse en ficheiros informáticos para os efectos oportunos, podendo os interesados exercer os dereitos recoñecidos con carácter xeral na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa de desenvolvemento.



Décimo segunda.- Vixencia do convenio.

O presente convenio estará vixente dende a data de sinatura e ata o 15 de decembro de 2017 e non será prorrogable.

Durante o período do 16 de xuño ao 30 de setembro, ambos incluídos, non se realizarán as actuacións previstas no obxecto deste convenio. Este período poderá adaptarse tendo en conta as datas de impartición efectiva de clases segundo o calendario escolar que estableza a consellería competente en materia de educación.

Décimo terceira.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das estipulacións establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Décimo cuarta.- Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Décimo quinta.- Relación laboral.

A subscripción do presente convenio non suporá a existencia dunha relación funcional, laboral ou de calquera outro tipo entre a Administración e o persoal da entidade colaboradora que vaia desenvolver as actividades, de maneira que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



Décimo sexta.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e o resto de normativa aplicable.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola comisión mixta de avaliación e seguimento.

Contra as mesmas caberá interpor recurso contencioso administrativo diante da xurisdición contencioso administrativa.

Co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, aplicaranse os principios recollidos no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por duplicado exemplar, no lugar e datas mencionados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Por Editorial La Capital, S.A.



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA REALIZACIÓN PARCIAL DAS ACTIVIDADES

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA NO ANO 2017.

D/D^a con DNI número, en calidade deda entidade editora do xornal.....,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, nos termos establecidos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

1. Que durante o mes de esta empresa realizou as actividades obxecto do convenio de referencia, nos termos sinalados na estipulación sobre as obrigas das partes.
2. Que os datos de distribución do xornal son os seguintes:

CENTRO EDUCATIVO	Nº DÍAS DE REPARTO	EXEMPLARES DISTRIBUÍDOS
TOTAL EXEMPLARES		

(Sinatura)

En....., de de.....



ANEXO II

**AUTORIZACIÓN PARA OBTENER OS CERTIFICADOS DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E
COA SEGURIDADE SOCIAL**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O
ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA NO ANO 2017.**

D/D^a con DNI en calidade
de da entidade,

AUTORIZO

Á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a obter de forma directa as certificacións acreditativas de estar ao corrente nos pagamentos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

(Sinatura)

..... de de



ANEXO III

ORZAMENTO DO CUSTO TOTAL DAS ACTIVIDADES PREVISTAS

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA NO ANO 2017.

De acordo cos datos facilitados pola entidade colaboradora o orzamento total das actividades previstas o desagregase en:

CONCEPTO	CUSTO ESTIMADO SEN IVE
Cobertura xornalística e gráfica	2.163
Deseño, fotomecánica, pranchas	4.988
Impresión	4.141
Custo do persoal participante neste programa	4.909
TOTAL	16.201,00